

## **Convenio colectivo de El Pote, S.A. (Ano 2004)<sup>1</sup>**

### Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio establece as condicións de traballo entre El Pote, S.A. e os seus traballadores.

En todo o non previsto neste convenio aplicarase o disposto no Estatuto dos traballadores e no acordo para a substitución da ordenanza de comercio, publicado no BOE do 9 de abril de 1996 por resolución da Dirección Xeral de Traballo do 21 de marzo de 1996.

### Artigo 2º.-Ámbito territorial.

O convenio será de aplicación para os distintos centros de traballo que a empresa ten na Coruña e na súa provincia.

### Artigo 3º.-Ámbito persoal.

Afectará todos os traballadores pertencentes a ela, con excepción dos altos cargos, de acordo co establecido no número 1 a) do artigo segundo do Estatuto dos traballadores.

### Artigo 4º.-Vixencia.

A vixencia deste convenio é dun ano, iniciándose o 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de decembro de 2004. Ao termo da súa vixencia o convenio prorrogarase por anos sucesivos nos seus propios termos, se ningunha das partes o denuncia de forma fidedigna cun mes de antelación como mínimo.

### Artigo 5º.-Categorías profesionais.

A clasificación do persoal será establecida na ordenanza laboral do sector, sendo a súa definición a reflectida nela. Así mesmo, mantéñense as categorías profesionais creadas no convenio nacional de grandes almacéns, publicado no Boletín Oficial del Estado número 307, do 23 de decembro de 1975.

### Artigo 6º.-Xornada.

A jornada de traballo queda establecida en 40 horas semanais, equivalentes a mil oitocentas quince (1.815) en cómputo anual. Non obstante, para as vendas especiais de Nadal, Reis, Agosto e balances e outras datas de significación especial, prolongarase a xornada o tempo suficiente, retribuíndoo como horas extraordinarias que terán a consideración de horas estruturais. Todo o persoal fixo o 1 de xaneiro de 1991 que traballe os sábados pola tarde, librará a mañá do luns seguinte.

### Artigo 7º.-Retribucións.

Os soldos base deste convenio, para o ano de vixencia, son os que figuran no anexo adxunto, resultantes de aplicar un aumento do 3,2% aos de 2003 revisados.

### Artigo 8º.-Complemento personal de antigüidade.

Durante a vixencia deste convenio os traballadores percibirán un complemento salarial por concepto de antigüidade na empresa. Este complemento consistirá nun 6% do salario base por cada cuadrinio de permanencia na empresa. Todo isto de acordo co establecido no Estatuto dos traballadores, artigo 25.2º, segundo a redacción dada polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

### Artigo 9º.-Gratificacións extraordinarias.

Mantéñense as catro xa establecidas, ou sexa, as de Xullo, Nadal, beneficios e fomento da cultura, rateándose esta última en doceavas partes como se veu facendo. Cada gratificación

---

<sup>1</sup> Publicado no DOG núm. 81, do 28 de abril de 2005.

estar constituída por 30 días de soldo base máis a antigüidade, e o seu importe será rateable en proporción ao tempo traballado.

Artigo 10º.-Complemento de distancia e transporte.

Para compensar os gastos de locomoción que por estes conceptos se ocasionan, a empresa aboaralle a cada traballador un complemento mensual de 64,68 euros, sen distinción de categorías, incluso

nos períodos de baixa por incapacidade laboral transitoria e durante as vacacións.

O persoal que ingrese ou cese no transcurso do mes, percibirá a parte proporcional dos días traballados.

Artigo 11º.-Seguro de accidente.

A empresa comprométese a subscribir un seguro de accidente que cubra durante as 24 horas do día os seguintes riscos:

- a) Morte por accidente.
- b) Invalidez absoluta e total por accidente.

O capital asegurado será de 7.212,15 euros en ambos os casos.

Unha vez subscrita a póliza correspondente cunha compañía aseguradora, El Pote, S.A. non responderá subsidiariamente en ningún caso, do pagamento da indemnización correspondente aos accidentes aquí recollidos.

Artigo 12º.-Condicións máis beneficiosas.

Todas as cláusulas económicas ou de calquera índole contidas neste convenio, estimadas no seu conxunto, establécense co carácter de mínimas, polo que outros pactos, cláusulas ou situacións actualmente vixentes na empresa que impliquen condicións máis beneficiosas que as convidas, serán respectadas e non absorbidas. Serán, non obstante, absorbibles as cantidades entregadas a conta deste convenio.

Artigo 13º

Salvo disposición legal en contrario, o contido económico deste convenio manterase inalterable.

Artigo 14º.-Vacacións.

As vacacións serán de 30 días naturais, independentemente da categoría laboral de cada traballador por cada ano de servizo na empresa, liquidándose por ano natural, como se veu facendo. O persoal que ingrese ou cese no transcurso do ano, desfrutará ou se lle liquidará a parte proporcional que lle corresponda. O seu desfrute efectuarase en dous períodos, un de nove días no inverno e outro de 21 (tres semanas) no verán, entendéndose por meses de verán a partir do un de xuño ata o trinta de setembro e de inverno os restantes. Ao comezar o ano, a empresa establecerá o calendario de quendas de cada período. As quendas serán confeccionadas por plantas, salvo o almacén e as oficinas, que o serán no seu conxunto.

Seguidamente, e antes do 31 de xaneiro confeccionaranse os cadros de vacacións, que non serán modificados salvo acordo entre as partes. O traballador que, por causa imputable á empresa, non puidese desfrutar o período de vacacións de verán, percibirá, como compensación, unha bolsa de 180,30

euros. Cando por causas alleas á vontade da empresa, como nos casos de enfermidade ou accidentes, o traballador non puidese desfrutar as súas vacacións no período previsto, non se alterarán as quendas establecidas para os demais traballadores, concedéndollas noutras datas de común acordo coa empresa, sen que teña dereito a ningunha bolsa, calquera que sexa a época do desfrute, seguindo a norma destes últimos anos. As quendas de vacacións de verán comezarán sempre un luns, aínda que este sexa festivo, pero para non alteralos, neste caso o

traballador desfrutará un día noutra data, que se fixará de común acordo entre as partes. Respecto ás de inverno, se o desfrute delas comezase un venres, o traballador non terá a obriga de se reintegrar ao traballo ata a xornada da tarde do luns en que debía comezar a traballar. En canto á elección de quendas farase de forma rotatoria seguindo a norma de costume.

Artigo 15º.-Excedencia de maternidade.

Os traballadores terán dereito a un período de excedencia, non superior a tres anos para atender o coidado de cada fillo, naturais, adoptados ou acollidos, contado desde a data do nacemento ou da resolución xudicial ou administrativa en caso de adopción ou acollemento.

Artigo 16º.-Representantes de persoal.

As atribucións do comité de empresa serán en todo momento as establecidas pola lei.

Artigo 17º.-Comisión mixta.

Constitúese unha comisión paritaria composta por Luis Conde Gogorza por parte da empresa e José Francisco García Pan, por parte dos traballadores.

Artigo 18º.-Normas supletorias.

En todo o que non se regule neste convenio aplicarase o disposto na lexislación xeral do traballo e, especialmente, no Estatuto dos traballadores e o acordo para la substitución da ordenanza de comercio, publicado no BOE do 9 de abril de 1996 por resolución da Dirección Xeral de Traballo do 21 de marzo de 1996.

Artigo 19º.-Premio de xubilación anticipada.

A empresa aboará un complemento de xubilación aos traballadores que, con 10 anos de antigüidade, como mínimo, nela se xubilen voluntariamente. A súa contía irá en función da seguinte escala:

Por xubilación voluntaria aos 60 anos: 16 mensualidades de salario e antigüidade.

Por xubilación voluntaria aos 61 anos: 13 mensualidades de salario e antigüidade.

Por xubilación voluntaria aos 62 anos: 10 mensualidades de salario e antigüidade.

Por xubilación voluntaria aos 63 anos: 7 mensualidades de salario e antigüidade.

Por xubilación voluntaria aos 64 anos: 3 mensualidades de salario e antigüidade.

Para a súa percepción, deberase solicitar antes de cumprir a idade correspondente. Nas xubilacións aos 60, 61 e 62 anos, a empresa poderá fraccionar o pagamento en tres meses.

A partir dos 65 anos a xubilación será obrigatoria para todos os traballadores, con dereito ao 100% da base reguladora.

Artigo 20º.-Roupa de traballo.

A empresa entregará a cada traballador, ao iniciar o traballo, dúas fundas ou roupa de protección necesaria, de acordo coa ordenanza de seguridade e hixiene no traballo.

Esta roupa será renovada a medida en que o uso a deteriore e, en calquera caso, a empresa entregará unha nova cada ano.

Artigo 21º.-Permisos retribuídos.

Ademais dos establecidos na lexislación vixente, os traballadores terán dereito a un día por asuntos propios logo de solicitude á empresa. Este día non será acumulable ás vacacións.

**ANEXO**

**Convenio colectivo El Pote, S.A.****Táboas salariais 2004**

<b>Categoría</b>	<b>Salario base mensual 2004</b>	<b>Cómputo anual</b>
Director	1.090,45 €	18.223,36 €
Xefe de división	969,23 €	16.283,84 €
Xefe de centro ou sucursal	847,17 €	14.330,88 €
Xefe de sección	770,54 €	13.104,80 €
Dependente	652,86 €	11.221,92 €
Axudante	605,63 €	10.466,24 €
Oficial 1ª administrativo	703,66 €	12.034,72 €
Oficial 2ª administrativo	652,86 €	11.221,92 €
Auxiliar administrativo	616,31 €	10.637,12 €
Decorador	770,54 €	13.104,80 €
Axudante decoración e publicidade	652,86 €	11.221,92 €

Escaparatista	762,92 €	12.982,88 €
Montador de escaparates	652,86 €	11.221,92 €
Profesional de oficio de 1ª	652,86 €	11.221,92 €
Profesional de oficio de 2ª	634,16 €	10.922,72 €
Mozo	616,31 €	10.637,12 €
Complemento de transporte	64,68 €	